



| MODELO SILVÍCOLA | PA1 |
|--|---|
| ESPECIE PRINCIPAL: | <i>Prunus avium L.</i> , aplicable a formacións mixtas con piñeiros ou outras frondosas autóctonas. |
| OBXECTIVO: | Madeira para serra e chapa. 100-150 pés de calidade. |
| DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais. | |

| REXENERACIÓN | |
|---------------------------------|---|
| Marco e densidade de plantación | Densidade de plantación recomendable entre 1.100-1.600 plantas/ha en función da calidade do terreo. Pódense aceptar densidades menores (en torno a 800-850 plantas/ha) condicionada a unha maior intensidade silvícola ou incluso de 400 plantas/ha no caso de introducir material cualificado de alta calidade (cualificado ou controlado). Recomendable rega e preparación de alcorques. Evitar plantacións monoespecíficas extensas pola súa sensibilidade a enfermidades. É posible mesturalo con coníferas (dado o seu rápido crecemento inicial) ou con outras frondosas, debendo preferirse as que teñan unha similar pauta de desenvolvemento. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012. |
| Mantementos | Reposición de marras e roza total o primeiro ano. A intensidade de coidados de mantemento será necesariamente alta, con aboado (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual e rozas frecuentes, estes últimos mecanizados (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas. |

| TRATAMENTOS SILVÍCOLAS | |
|----------------------------|--|
| Podas de formación e podas | <p>Faranse podas de formación a partir do segundo ano e ata os sete anos, buscando 6 m de fuste recto. Preselección de 250-300 pés/ha.</p> <p>Poda baixa ata 2,5-3 m entre os 8-15 anos cando as árbores acadan os 6 m de altura.</p> <p>Poda alta sobre os mellores 200 pés/ha, ata 5,5-6 m de altura.</p> |
| Desmestas | <p>En función da densidade inicial poden ser necesarios ou non. De ser necesario farase aos 10 anos deixando unha densidade final de 500-600 pés/ha. Tratamento axeitado dos restos ou retirada para aproveitamento.</p> <p>Recoméndase respectar arborado doutras frondosas autóctonas nas desmestas. En masas mixtas con piñeiros, priorizar a cerdeira como especie principal.</p> |
| Rareas | <p>A primeira rarea recoméndase aos 15-20 anos eliminando unha terceira parte do arborado deixando uns 250-300 pés/ha (preseleccionados na talla de formación). Será unha rarea polo baixo.</p> <p>A rotación de rareas será cada 5 a 7 anos até os 35-40 anos e perseguirán un fuste limpo duns 8 -10 m nas árbores de porvir seleccionadas (100-150 pés/ha) con copa equilibrada e desenvolvida, para o que se requiren rareas vigorosas.</p> <p>Aconsellable entre a última rarea e as cortas de rexeneración que</p> |





| | |
|--|--|
| | <p>pasen entre 7-10 anos para favorecer a duraminización do tronco nas árbores destinadas á producción de chapa.</p> <p>Alternativamente poderase modificar este modelo cunha derradeira rarea aos 45 anos até deixar uns 70-90 pés/ha, debendo nestes casos alongar a quenda de corta até os 55 anos.</p> |
|--|--|

| CORTA FINAL DE REXENERACIÓN | |
|------------------------------------|--|
| Idade de corta | 40-50 anos, segundo calidades de estación. Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios. |
| Métodos de corta | Cortas de rexeneración atendendo á superficie ocupada pola cerdeira e as especies adicionais presentes. Evitar cortas a feito nos distritos meridionais. |

